

Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

O **grupo parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda**, por medio da súa deputada **Yolanda Díaz Pérez**, ao abeiro do recollido no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei para o seu debate no Pleno**, relativa ao fracaso do chamado plan Ferrol.

Exposición de motivos

Os datos de emprego, actividade económica e de carácter demográfico son reveladores da inanidade das políticas da Xunta de Galicia para fomentar a reindustrialización e a diversificación industrial de Ferrolterra. Nunha progresión cara a ningures, a convocatoria das axudas do denominado plan Ferrol do exercicio 2014 esgotouse non só proxecto e a do 2015 vén de quedar baleira.

A impotencia do IGAPE para propiciar un desenvolvemento industrial sustentable na comarca e o fracaso do programa Reindus do ministerio de industria supoñen a condena da cidadanía de Ferrolterra a unha situación de crónica desertificación e precariedade industriais.

A auditoría dos 650 millóns de euros de axudas públicas mobilizados ao traverso do plan Ferrol resta sen escribir. Quizabes pola crónica do fracaso gubernamental por recuperar unza zona devastada pola desindustrialización neoliberal.

Urex unha actuación pública coordinada entre a Xunta e o goberno central para elaborar e financiar unha actuación pública reindustrializadora que teña na participación pública un elemento protagonista.

A situación da comarca de Ferrolterra esixe que non se desperdicien os 45,7 millóns de euros que esta convocatoria do 2015 non utilizou e dos do exercicio pasado. A suma desas cantidades permitiría acadar na construción urxente do dique flotante. Dique que supón un urxente e necesario investimento produtivo para afianzar a carga de traballo na división de reparacións dos estaleiros públicos da ría de Ferrol.



Xa que logo, o grupo parlamentario da AGE formula a seguinte proposición non de lei para o seu debate no Pleno:

- O Parlamento Galego insta á Xunta a realizar unha auditoría independente sobre a totalidade dos recursos económicos empregados polas administracións públicas galega e estatal para a reindustrialización e diversificación industriais nas comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal e o seu retorno en creación de emprego e actividade produtiva.
- O Parlamento Galego insta á Xunta a reclamar do goberno central a dedicación do volume de axudas 2014-15 do plan Ferrol que quedaron sen empregar para construír o dique flotante.
- O Parlamento Galego insta á Xunta a que impulse en colaboración co goberno central Impulsará unha nova actuación pública para a reindustrialización e diversificación industrial de Ferrolterra logo do fracaso do plan Ferrol.

En Compostela, a 5 de outubro do 2015.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asinado dixitalmente por:

Yolanda Díaz Pérez na data 05/10/2015 13:08:39